**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 25 de maio de 2017**

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o vinte e cinco de maio do ano dous mil dezasete, ás nove horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados/as, don Pablo Pérez Pérez, don Plácido Álvarez Dobaño, don Manuel Doval Soto e dona Ana M.ª Villarino Pardo e don Juan Anta Rodríguez, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste a interventora, dona Mónica Legaspi Díaz, e dá fe do acto, o vicesecretario xeral, don Juan Marquina Fuentes.

Non asisten á sesión a deputada provincial dona Montserrat Lama Nóvoa e o deputado e vicepresidente 2º don Jorge Pumar Tesouro, que escusan a súa ausencia.

O deputado provincial don Juan Anta Rodríguez incorporouse á sesión cando se trataba o punto seis (6) da orde do día.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

**1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 12 DE MAIO DE 2017**.- Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día doce de maio de dous mil dezasete, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

**2.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E OS CONCELLOS DE CENLLE, PUNXÍN E SAN AMARO PARA A PRESTACIÓN DE ASISTENCIA PARA A XESTIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ABASTECEMENTO EN ALTA "RAZAMONDE-SAN TROCADO" DURANTE O PRIMEIRO SEMESTRE DE 2017**.- Unha vez visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente, de data 18 de maio de 2017, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar a modificación do convenio de Cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os Concellos de Cenlle, Punxín e San Amaro para a prestación de asistencia para a xestión das instalacións de abastecemento en alta "Razamonde-San Trocado" durante o primeiro semestre de 2017, co seguinte contido:

Dáselle unha nova redacción á cláusula 3ª, que queda redactada do seguinte xeito:

*1. En contraprestación polo servizo prestado, a Deputación Provincial repercutiralles aos concellos delegantes os custos efectivos mediante o seguinte método:*

*− Os custos fixos, agás os de enerxía (termo de potencia, alugueiros e impostos correspondentes) mediante os seguintes prezos públicos:*

*a) Tarifa fixa mensual pola asistencia técnica a Cenlle: 1.198,29 €/mes (IVE non incluído).*

*b) Tarifa fixa mensual pola asistencia técnica a Punxín: 748,93 €/mes (IVE non incluído).*

*c) Tarifa fixa mensual pola asistencia técnica a San Amaro: 1.048,50 €/mes (IVE non incluído).*

*− Os custos derivados da contratación da subministración de enerxía eléctrica distribuiranse conforme coas seguintes regras:*

*Os custos fixos (termo de potencia e alugueiros, e os impostos relativos a estes custos) repartiranse nas seguintes porcentaxes:*

*40% Cenlle*

*25% Punxín*

*35% San Amaro*

*Os custos variables (termo de enerxía e peaxes, e os impostos relativos a estes custos) distribuiranse segundo os* $m^3$ *de auga demandada da infraestrutura por cada concello. Para estes efectos, na liquidación, a Deputación establecerá o custo do metro cúbico, dividindo o custo variable total soportado polo volume demandado no período de liquidación de referencia segundo o punto entrega (Razamonde ou San Trocado).*

*A Deputación provincial aprobará a oportuna liquidación semestral, referida ao 30 de xuño de 2017, que se lles notificará aos concellos outorgándolles un prazo de trinta días para o seu pago.*

Esta modificación terá efectos retroactivos ao 1 de xaneiro do 2017.

2º.- Ordenar a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia, para xeral coñecemento.

**3.- APROBACIÓN DO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E AS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA PARA A PRESTACIÓN DE ASISTENCIA TÉCNICA NO RELATIVO Á XESTIÓN DE ABONADOS NOS SERVIZOS MUNICIPAIS DO CICLO URBANO DA AUGA**.- Unha vez visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente, de data 18 de maio de 2017, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

**1º.- Aprobar o Convenio marco de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e as entidades locais da provincia para a prestación de asistencia técnica no relativo á xestión de abonados nos servizos municipais do ciclo urbano da auga, conforme coas seguintes cláusulas:**

**1ª) Obxecto**

Constitúe o obxecto deste convenio a regulación das condicións de prestación pola Deputación Provincial de Ourense ás entidades locais da provincia do servizo de asistencia técnica no relativo a xestión de abonados nos servizos municipais do ciclo urbano da auga no ámbito municipal.

Este convenio adóptase en exercicio da competencia provincial para prestarlles asistencia e cooperación aos concellos e demais entidades locais en materia de servizos municipais, prevista no artigo 36.1.a) e b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e da competencia municipal (xa se exerza polos concellos ou se atope delegada nunha mancomunidade) para a ordenación e xestión do servizo de abastecemento de auga, configurado como servizo mínimo obrigatorio polo artigo 26 da mencionada lei.

**2ª) Condicións da prestación do servizo**

1. A Deputación Provincial de Ourense prestaralles ás entidades locais adheridas a este convenio a asistencia técnica que resulte necesaria para a realización material de padróns, lectura de contadores, asistencia á facturación/cobro, realización de inspeccións (verificación de lecturas inverosímiles, contadores clandestinos, etcétera), cortes, restablecemento de subministración e precintado de contadores, sen delegación da xestión tributaria que seguirá a ser función propia da administración municipal.

2. O servizo será prestado pola Deputación Provincial de Ourense a través da entidade AquaOurense, Sociedade Provincial de Augas e Medio Ambiente SA, sociedade de capital mixto participada pola Deputación Provincial de Ourense, na súa condición de concesionaria do servizo provincial de asistencia e cooperación con entidades locais en materia de servizos relacionados co ciclo hidráulico e medio ambiente.

**3ª) Retribución económica**

1. En contraprestación polo servizo prestado, a Deputación Provincial de Ourense percibirá os seguintes prezos públicos:

a. Elaboración material do padrón de abastecemento: 4,50 €/abonado máis o IVE.
b. Elaboración material do padrón de saneamento: 1.98 €/abonado máis o IVE.
c. Lectura contadores (ata catro ao ano): 1,47 €/abonado/lectura máis o IVE.
d. Asistencia facturación/cobro: 0,69 €/abonado/período de facturación máis o IVE.
e. Cortes e restablecemento da subministración: 15 €/abonado/actuación máis IVE.
f. Realización de inspeccións necesarias: 183 €/período máis o IVE.
g. Precintado de contadores: 0,50 €/actuación máis o IVE.

O IVE será aplicado e repercutido conforme co tipo de gravame vixente no momento da devindicación.

2. Os prezos públicos establécense a través deste convenio de conformidade co establecido na Ordenanza reguladora dos prezos públicos do servizo provincial de asistencia e cooperación ás entidades locais en materia de servizos relacionados co ciclo hidráulico.

A Deputación Provincial de Ourense emitiralle e comunicaralle ao concello a correspondente liquidación semestralmente polos servizos, obrigándose o concello ao seu aboamento no prazo máximo de noventa días naturais desde a súa presentación ao cobro.

No suposto en que se presten servizos por períodos inferiores a un ano, liquidaranse na parte proporcional que corresponda.

**4ª) Procedemento de adhesión ao convenio**

Para a adhesión ao convenio, as entidades locais interesadas remitiranlle á Deputación Provincial de Ourense o acto administrativo de adhesión, adoptado polo órgano en cada caso competente, de acordo co modelo establecido no anexo deste convenio. A adhesión ao convenio será eficaz:

a) Se a entrada do documento de adhesión no rexistro xeral da Deputación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, ao primeiro día hábil do mes seguinte.
b) Se a entrada do documento de adhesión no rexistro xeral da Deputación se realiza entre os días 16 e o último de cada mes, ao 15º día hábil do mes seguinte.

**5ª) Comisión de seguimento, vixilancia e control**

Establécese unha comisión de seguimento do convenio con cada entidade asinante de natureza paritaria, que estará integrada polo deputado – delegado de cooperación e o alcalde, ou concelleiro no que delegue.

A comisión estará asistida polo director da Área de Medio Ambiente e o xefe da Sección de Augas, con voz pero sen voto.

O alcalde poderá asistir ás sesións acompañado de membros do goberno municipal ou técnicos asesores.

Actuará como secretaria da comisión a asesora xurídica da Área de Medio Ambiente, coas funcións propias dun secretario de órgano colexiado.

A comisión de seguimento reunirase a pedimento de calquera das partes integrantes, e as súas funcións serán as de seguimento da aplicación do convenio, interpretación e resolución de incidencias. No caso de non acadarse un acordo no seo da comisión, a Deputación Provincial resolverá unilateralmente e con carácter executivo o que proceda, sen prexuízo da posibilidade de impugnación deste acto administrativo polo concello, conforme co sistema de recursos vixente no noso ordenamento xurídico.

Serán de aplicación ao funcionamento da comisión as normas sobre órganos colexiados recollidas na sección 3ª do capítulo II do Título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, sen prexuízo de que a comisión poida establecer as súas propias normas de funcionamento.

**6ª) Vixencia temporal do convenio**

Este convenio producirá efectos, para cada entidade local interesada, desde o día seguinte ao da entrada do documento de adhesión, debidamente cuberto, no rexistro xeral da Deputación Provincial de Ourense cunha duración de catro anos.

Non obstante o anterior, o contrato adxudicado poderá ser obxecto de prórroga que poderá acordarse polas partes conforme co establecido no artigo 49.h), regra 2ª, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e en todo caso co límite

máximo establecido no devandito precepto.

**7ª) Causas de resolución do convenio**

Este convenio resolverase polas causas establecidas no artigo 51 da Lei de réxime xurídico do sector público, e ademais polas seguintes:

a) Por decisión unilateral da Deputación.

b) Por decisión unilateral do correspondente concello adoptada en calquera momento e sen necesidade de alegación de causa xustificativa, comunicándollo á Deputación cun prazo mínimo de tres meses de antelación á súa data de efectividade. A Deputación continuará liquidando os gastos xerados pola súa xestión delegada ata a extinción da delegación, debidamente xustificados no expediente. No suposto de que non se devindicasen os prezos públicos, a Deputación aprobará unha liquidación polo importe dos gastos efectivamente realizados ata a data da comunicación da resolución do convenio.

**8ª) Natureza e réxime xurídico**

Este convenio terá natureza administrativa, correspondéndolle á xurisdición contencioso-administrativa a resolución das controversias sobre a súa validez, eficacia, efectos e extinción, así como respecto dos actos de aplicación adoptados pola comisión ou polas administracións públicas que o subscriben.

**ANEXO MÓDELO DA PARTE DISPOSITVA DA RESOLUCIÓN OU ACORDO DE ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E AS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA PARA A PRESTACIÓN DE ASISTENCIA TÉCNICA NO RELATIVO Á XESTIÓN DE ABONADOS NOS SERVIZOS MUNICIPAIS DO CICLO URBANO DA AUGA**

1. Aprobar a adhesión do Concello de ...... /Mancomunidade de ..... /Consorcio de ..../ Entidade Local Menor de ..... ao Convenio marco de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e as entidades locais da provincia para a prestación de asistencia técnica no relativo á xestión de abonados nos servizos municipais do ciclo urbano da auga, de conformidade co clausulado aprobado pola Deputación Provincial de Ourense, asumindo as obrigas e compromisos que se recollen no dito convenio.

**2º.- Remitirlles o dito convenio ás entidades locais da provincia para os efectos de que procedan á súa adhesión e ordenar a súa publicación no BOP para xeral coñecemento.**

**4.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2017, RELATIVA Á OBRA MUNICIPAL N.º 77/POS/2017 NO TERMO MUNICIPAL DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS**.- Á vista da solicitude formulada polo Concello de San Cibrao das Viñas, tendo en conta o informe favorable do xefe do Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Modifica-lo Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2017 no relativo ó Concello de San Cibrao das Viñas, incrementando o orzamento total do proxecto, con cargo á achega municipal, en 10.000,00 euros, polo que a obra 77/POS/2017, denominada "beirarrúas en Fonteboa-Estrada N-525", pasará a ter un orzamento total de 95.000,00 euros.

**5.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2017, RELATIVA Á OBRA MUNICIPAL N.º 87/POS/2017 NO TERMO MUNICIPAL DA VEIGA**.- Á vista da solicitude formulada polo Concello da Veiga, tendo en conta o informe favorable do xefe do Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

- Modifica-lo Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2017 no relativo ó Concello da Veiga, incrementando o orzamento total do proxecto, con cargo á achega municipal, en 11.490,92 euros, polo que a obra 87/POS/2017, denominada "abastecemento e saneamento en Corexido e Casdenodres", pasará a ter un orzamento total de 66.490,92 euros.

**6.- CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NA RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A DEPORTISTAS CUALIFICADOS EN MODALIDADES DEPORTIVAS INDIVIDUAIS CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2016**.- En relación coa resolución do concurso público para a concesión de subvencións a deportistas cualificados en modalidades deportivas individuais correspondente ao exercicio 2016 (acordo da Xunta de Goberno de data 21 de abril de 2017), advertiuse un erro material tanto na acta de resolución do concurso

como na súa proposta de resolución á Xunta de Goberno.

O dito erro consistiu na omisión de transcrición, tanto na acta como na antedita proposta de resolución, da motivación da resolución de alegacións presentadas por don Ngagne Faye Faye, con DNI 54672242T, de Kung Fu.

En consecuencia, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1º) Incluír a motivación da dita alegación presentada por don Ngagne Faye Faye, de Kung Fu, no contido do acordo do concurso de referencia, quedando da seguinte maneira:

*"En relación coa reclamación presentada por don Ngagne Faye Faye, da modalidade de Kung Fu, na que interesa a revisión da puntuación adxudicada dentro da convocatoria de "subvencións a deportistas ourensáns cualificados 2016", práceme informarlle que, unha vez revisado novamente o seu expediente, non procede reconsiderar a puntuación, polos motivos seguintes:*

*1º.- As puntuacións obtidas polo deportista reclamante foron as seguintes:*

- *Ouro no campionato galego de kung fu............... 20 puntos*
- *Integrante da selección galega.......................... 20 puntos*

*2º.- No relativo á pretensión de incluír na valoración un primeiro posto do Campionato de España da modalidade, a Comisión non estivo de acordo ao non consideralo como tal, por non ser convocado pola Federación Española da que depende o Kung Fu, a teor do regulado polo "Consejo Superior de Deportes" no ámbito estatal.*

*3º.- Tampouco se consideraron os resultados obtidos como deportista de wu-shu ao presentar a súa solicitude acompañada da licenza federativa de kung-fu ao seren modalidades dependentes de distintas federacións.*

*4º.- Se o deportista quixera que se tiveran en conta os resultados da modalidade de Wu-shu, deberá presentar dúas solicitudes independentes, unha para Kung-fu e outra para Wu-shu , que terían a súa correspondente baremación individual.*

*5º.- Na intención subxectiva sobre a procedencia de incluír como competicións relevantes o Open Nacional, a base oitava, no seu punto noveno, explicita claramente o que a convocatoria establece como competicións relevantes: Copas do Mundo, Campionatos de España Universitarios, Universiadas, Xogos Mediterráneo ou competicións de similares características.*

*6º.- Revisada tamén a traxectoria deportiva, non procede a súa modificación polos argumentos indicados anteriormente. "*

2º) O resto do contido do acordo da Xunta de Goberno de data 21 de abril de 2017, pola que se resolveu o concurso público para a concesión de subvencións a deportistas cualificados en modalidades deportivas individuais correspondente ao exercicio 2016, mantense invariable.

**7.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A CLUBS DEPORTIVOS DE OURENSE PARA O ANO 2017**.- Unha vez finalizado o prazo de alegacións á resolución provisional de data 3 de abril de 2017, do concurso público para a concesión de subvencións a clubs deportivos de Ourense para o ano 2017, cuxas bases e convocatoria foron aprobadas pola Xunta de Goberno na sesión que tivo lugar o 29 de setembro de 2016 e publicadas no BOP n.º 263, do 16 de novembro de 2016), e vista a proposta de resolución das alegacións formuladas e de resolución do concurso formulada pola Comisión de Valoración con data 15 de maio de 2017, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

**1º) Desestimar**, integramente, as alegacións presentadas pola Escola Deportiva Ourense, Club Escola Ximnasia Pavillón e Club Atletismo Guillelme Brown, polos motivos incluídos na parte expositiva da acta que se incorpora como anexo a este acordo ao abeiro do establecido no artigo 88 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**2º) Desestimar, parcialmente,** as alegacións presentadas polo Club Hockey **Barrocás,** respecto da puntuación outorgada ao expediente presentado polo AD Ourense, no relativo aos apartados a), b) e c), polos motivos indicados na acta.

**3º) Rectificar** a puntuación asignada ao Club AD Ourense nos extremos indicados no apartado d) das alegacións presentadas polo Club Hockey Barrocás.

**4º) Desestimar, parcialmente,** as alegacións presentadas polo Club Hockey **Barrocás,** respecto da puntuación outorgada ao expediente presentado polo Club Hockey Santiago Apóstol**,** no relativo ao apartado a), polos motivos indicados na acta.

**5º) Rectificar** a puntuación asignada ao Club Hockey Santiago Apóstol nos extremos indicados no apartado b) das alegacións presentadas polo Club Hockey Barrocás.

**6º) Desestimar, integramente**, as alegacións presentadas polo Club Hockey Barrocás, polos motivos expostos na parte expositiva da acta.

**7º) Desestimar, parcialmente,** as alegacións presentadas polo Club Hockey Albor, nos apartados a), c), d) e e), polos motivos expostos na parte expositiva da acta.

**8º) Estimar, parcialmente,** as alegacións presentadas polo Club Hockey Albor, nos apartados b) e f), polos motivos expostos na parte expositiva da acta.

**9º) Non admitir a trámite as solicitudes que se indican, polos motivos que tamén se sinalan:**

a) Por presentala fóra do prazo establecido na base quinta da convocatoria:

| | | |
|---|---|---|
| Atletismo Rúa | Atletismo | G32465312 |
| Club Atletismo y Montaña Verín (CAM Verín) | Atletismo | G32467581 |
| Escuela Ourensana Municipal de Piragüísmo | Piragüismo | G3226479 |

b) Solicitude para a que se propón a súa non admisión a trámite, polo motivo que de seguido se indica:

| | | |
|---|---|---|
| A.R.D. La Zamorana | Tenis | G36631539 |

**Non se admite a trámite a dita solicitude por ter o domicilio social fóra da provincia de Ourense.** Aínda que a solicitude está formulada a nome da ARD La Zamorana, da documentación achegada dedúcese que o verdadeiro solicitante é URECA (Unión Recreativa de Empleados de la Caja de Ahorros de Vigo), polas seguintes razóns:

A) Declárase como CIF da ARD La Zamorana o CIF de URECA.

B) Os estatutos sociais achegados son os que se corresponden coa Asociación URECA.

C) As follas da documentación valorable, así como da solicitude, aparecen seladas co selo de URECA.

D) Conforme co artigo 17 dos seus estatutos sociais, a Asociación URECA dispón dunha sección relativa a Ourense; ademais, o artigo 28 dos ditos estatutos fai constar que a dita asociación conta cunha instalación deportiva alugada no lugar da Zamorana (San Cibrao das Viñas- Ourense).

De todo o anteriormente exposto, dedúcese que o verdadeiro solicitante é a Asociación URECA, con domicilio social en Nigrán (Pontevedra), incumprindo, polo tanto, o establecido na base segunda da convocatoria.

**10º) Excluír da valoración** as solicitudes que se indican a continuación, por non posuír, polo menos, un equipo de base acreditado, é dicir, inferior á categoría senior ou absoluta", e, no caso de disciplinas individuais, posuír un mínimo de cinco licenzas federativas de deportistas de base en competición, tal e como dispón a base 2.1 d).

- **Atletismo Arenteiro**
- **Club Deportivo Muíños-Fútbol**
- **Ourense Gaels. Fútbol Gaélico**
- **Korpore Arenteiro Trail**
- **Rugby Ourense Keltia**
- **Ateneo de Ourense Xadrez**

Excluír igualmente da valoración as solicitudes das entidades deportivas que se relacionan a continuación por ***presentaren escrito no que manifestaban a súa vontade de renunciar á solicitude de subvención.***

- **Unión Deportiva Ourense, Fútbol**
- **SD Nogueira de Ramuín, Fútbol**
- **Campus Universitario Ourense, Rugby**

A solicitude da entidade deportiva **Club Atletismo Guillelme Brown** tamén queda excluída, ao resultar **imposible a súa baremación** cos datos que achega no expediente.

**11º) Concederlles, conforme á valoración efectuada, as subvencións, polos importes que se indican, ás seguintes solicitudes:**

| NOME ENTIDADE | MODALIDE DEPORTIVA | PROPOSTA CONTÍA SUBVENCIÓN |
|---|---|---|
| **Grupo I – Nacional -** | | |
| Cidade de As Burgas Fútbol Sala | Fútbol Sala | 11.431,95 € |
| Ourense Club de Fútbol SAD | Polideportivo | 15.970,54 € |
| **Grupo II – Autonómica-Nacional** | | |

| | | |
|---|---|---|
| Club Ourense Atletismo | Atletismo | 9.355,08 € |
| Clube Ciclista Maceda | Ciclismo | 8.849,82 € |
| Pizarras Los Tres Cuñados Fútbol Sala | Fútbol Sala | 5.009,71 € |
| Club Natación Sincronizada Ourense | Natación Sincronizada | 7.685,96 € |
| Club ADAS | Polideportivo | 10.500,00 € |
| Club Natación Pabellón Ourense | Polideportivo | 10.000,00 € |
| Club Náutico Castrelo de Miño | Polideportivo | 6.203,88 € |
| Pabellón Ourense Club de Fútbol | Polideportivo | 10.410,79 € |
| Club de Tiro Eiroás | Tiro Olímpico | 6.785,29 € |
| Club Ximnasia Pavillón | Ximnasia | 9.446,57 € |
| Clube Escola Ximnasia Burgas | Ximnasia | 6.500,00 € |
| **Grupo III - Autonómico-** | | |
| Club Badminton Pereiro | Badminton | 2.625,13 € |
| Club Polideportivo Athlos, SL | Badminton | 5.251,39 € |
| Independiente Bádminton Club | Bádminton | 2.919,42 € |
| Club Baloncesto Allariz | Baloncesto | 5.428,24 € |
| Club Baloncesto Femenino Ourense | Baloncesto | 4.275,69 € |
| Irmandade Deportiva Sarmiento | Baloncesto | 2.000,00 € |
| Asociación Deportiva Balonmán Carballiño | Balonmán | 1.858,13 € |
| Campus Ourense Clube de Balonmán | Balonmán | 3.813,38 € |
| Club Balonman Pabellón Ourense | Balonmán | 6.743,38 € |
| Club Deportivo Cultural Ribeiro | Balonmán | 3.160,97 € |
| Club Escola Balonmán Ribadavia | Balonmán | 2.230,65 € |
| Club Esquí Náutico Dummies | Esquí Náutico | 2.384,99 € |
| CD Arenteiro | Fútbol | 4.399,25 € |
| Centro de Deportes Barco | Fútbol | 5.617,40 € |
| Unión Deportiva Barbadás | Fútbol | 4.071,18 € |
| Carballiño Fútbol Sala | Futbol Sala | 3.923,35 € |
| Sala Ourense 2014 | Fútbol Sala | 3.721,41 € |

| | | |
|---|---|---|
| Club Halterofilia Pabellón | Halterofilia | 4.417,06 € |
| Club Deportivo Ecuestre de Ourense | Hípica | 2.360,99 € |
| Club Hípico Vilamarín | Hípica | 2.763,80 € |
| AD Ourense Hockey Club | Hockey | 3.105,65 € |
| Club Hockey Albor | Hockey | 3.622,18 € |
| Club Hockey Barrocás | Hockey | 4.865,60 € |
| Club Hockey Cidade de Ourense | Hockey | 3.178,31 € |
| Club Hockey Santiago Apóstol | Hockey | 3.859,93 € |
| Mizukami Escuela de Kárate Shotokan | Kárate | 2.000,00 € |
| ED Artai | Kungfu | 3.600,69 € |
| Club Waterpolo Pabellón Ourense | Natación-Waterpolo | 3.000,00 € |
| Club Deportivo P21 Pádel Club | Pádel | 2.153,30 € |
| Padelprix Club Deportivo | Pádel | 3.331,02 € |
| Club Deportivo Ourela | Patinaxe | 3.000,00 € |
| Club Patinatour | Patinaxe | 2.489,81 € |
| Club Patinaxe AEHDE O Carballiño | Patinaxe | 2.760,31 € |
| Club Fluvial Avión | Piragüismo | 2.995,90 € |
| Club Fluvial O Barco | Piragüismo | 3.655,00 € |
| Piragüismo Fluvial Allariz | Piragüismo | 3.152,42 € |
| Asociación Deportiva Bosco | Polideportivo | 6.955,70 € |
| Asociación Deportiva Limiactiva | Polideportivo | 3.496,77 € |
| Club Carmelitas Vedruna | Polideportivo | 6.655,74 € |
| Club Santo Domingo | Polideportivo | 3.000,00 € |
| Escolas Deportivas Concello de Celanova | Polideportivo | 2.266,86 € |
| Escolas Deportivas Concello de Verín | Polideportivo | 3.901,34 € |
| Escola Deportiva Ourense | Polideportivo | 6.398,37 € |
| Ximnasio Estudio A Valenzá | Polideportivo | 2.011,86 € |
| Club Salvamento Acuático Ourense Salvour | Salvamento e Socorrismo | 4.251,96 € |

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 25 de maio de 2017**

| | | |
|---|---|---|
| Centro Deportivo Couto, AD | Taekwondo | 4.027,69 € |
| Club Dep. Dereito-Empresariais de Ourense | Tenis | 2.500,00 € |
| Club Tenis Rúa | Tenis | 2.000,00 € |
| Club Triatlon Gimnasio Olimpia Carballiño | Triatlon | 3.165,53 € |
| Burgas Voleibol | Voleibol | 3.700,00 € |
| Club Voleibol Ourense | Voleibol | 5.366,06 € |
| Club Voleibol San Martiño | Voleibol | 6.441,65 € |
| Asociación Deportiva Gimnasio Dinamic Center | Wushu | 4.105,59 € |
| Club Deportivo Xadrez Ourense | Xadrez | 5.289,85 € |
| Xadrez CEIP Pereiro de Aguiar | Xadrez | 3.416,95 € |
| Club Marusia Ourense | Ximnasia | 4.742,33 € |
| **Grupo IV Provincial e Base** | | |
| Asociación Baloncesto Xinzo | Baloncesto | 2.054,53 € |
| Asociación Basket Ourense | Baloncesto | 1.860,47 € |
| Club Baloncesto Xuventude Verín | Baloncesto | 1.397,67 € |
| Club Deportivo BBALL Ourense | Baloncesto | 1.181,08 € |
| Depordima | Baloncesto | 2.500,00 € |
| Femenino Sil Baloncesto Barco | Baloncesto | 3.129,82 € |
| Club de Billar Ourense | Billar | 1.928,99 € |
| A Peroxa, CF | Fútbol | 1.987,96 € |
| Antela Fútbol Club | Fútbol | 1.797,05 € |
| CD Maceda | Futbol | 2.905,52 € |
| CD Rúa | Fútbol | 2.351,61 € |
| Club Deportivo Allariz | Fútbol | 2.744,18 € |
| Club Deportivo Pabellón Promesas | Fútbol | 3.000,00 € |
| Club Deportivo Seixalbo | Fútbol | 1.551,59 € |
| Club Deportivo Velle | Fútbol | 2.918,19 € |
| Escolas Deportivas Concello de Barbadás | Fútbol | 2.777,01 € |
| Ribadavia Atlético | Fútbol | 1.571,12 € |

| | | |
|---|---|---|
| Ribeiro Fútbol Club | Fútbol | 2.310,79 € |
| Sociedade Deportiva Cultural Arrabaldo | Fútbol | 2.982,68 € |
| Sporting Celanova | Fútbol | 2.000,00 € |
| Club Dekam | Fútbol Sala | 1.180,94 € |
| Montealegre Club de Golf, SA | Golf | 2.866,25 € |
| Black Kick Competición | Kickboxing | 1.182,19 € |
| Club Deportivo Fundación Cipri Gomes | Kickboxing | 1.366,27 € |
| Escuela de Kickboxing Cipri Gomes | Kickboxing | 1.584,72 € |
| Kickboxing Club Xinzo | Kickboxing | 1.249,40 € |
| Wushu Kungfu Club Ourense | Kungfu | 1.320,69 € |
| Club Patinaxe Artístico Fenix | Patinaxe | 1.370,05 € |
| Sociedade Deportiva Cultural Fontefría | Piragüismo | 1.990,93 € |
| Club Maristas Ourense | Polideportivo | 2.689,11 € |
| Club Peña Trevinca Barco | Polideportivo | 2.056,25 € |
| Clube Escolas Dep. Concello Xinzo de Limia | Polideportivo | 2.859,28 € |
| Club Ourense Volei Praia | Voleibol | 2.893,95 € |
| Club Ximnasia Escola Pavillón | Ximnasia | 3.697,36 € |
| | Total………… | 399.837,44 € |

**12º.-** As subvencións libraranse tras a súa xustificación, conforme co establecido nas bases da convocatoria.

**13º.-** Dispor a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia.

**ANEXO:**

**ACTA DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS Á PROPOSTA PROVISIONAL DE VALORACIÓN DAS SOLICITUDES PRESENTADAS AO CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A CLUBS DEPORTIVOS DE OURENSE PARA O ANO 2017. *(*BOP nº 263 do 16 de novembro de 2016*)***

En Ourense, no Pazo dos Deportes "Paco Paz" da Deputación de Ourense, con data 15 de maio de 2017, sendo as 9.00 horas, reúnese a comisión de valoración do concurso para a concesión de subvencións a clubs deportivos de Ourense para o ano 2017 *(cuxas bases e convocatoria foron publicadas no* BOP nº 263*,* do 16 de novembro de 2016*)* integrada polas seguintes persoas:

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 25 de maio de 2017**

Presidente: don Juan Anta Rodríguez , deputado provincial delegado de deporte e mocidade .

Vogais:

- Don Juan Marquina Fuentes, vicesecretario xeral da Deputación.
- Dona José Mosquera Casero, do Servizo de Intervención da Deputación.
- Don Ángel Cid Manzano, xefe do Servizo de Deportes da Deputación.
- Don Pablo Fernández Valencia, licenciado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte.

Actúa como secretaria da comisión, dona María Isabel Rodríguez Carrera, xefa da Sección de Subvencións da Deputación.

O obxecto da reunión é proceder ao estudo e valoración das alegacións formuladas á proposta provisional de resolución do concurso de referencia, e á formulación dunha proposta definitiva de resolución para a súa elevación á Xunta de Goberno da Deputación Provincial.

Os **antecedentes** do asunto para tratar son os seguintes:
**1º)** Con data 3 de abril 2017, a comisión de valoración **formulou unha proposta provisional de resolución do concurso,** que con data 11 de abril do mesmo ano foi sometida a trámite de audiencia polo período de dez (10) días hábiles, de conformidade co establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, da Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas e co artigo 7 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación.
**2º)** En tempo e forma, presentaron **alegacións á proposta provisional** do dito concurso os seguintes solicitantes:

- Escola Deportiva Ourense *(NRE 11712)*
- Club Ximnasia Escola Pavillón *(NRE 11915)*
- Club Atletismo Guillelme Brown *(NRE 12515)*
- Club Hockey Barrocás (NRE 12682)
- Club Hockey Albor (NRE 14131)

Unha vez expostos os antecedentes, a comisión procede ao **estudo e valoración das ditas alegacións**, co seguinte resultado:

**<u>Escola Deportiva Ourense</u>**

O solicitante alega , en contra da proposta formulada pola comisión, que o seu club *resulta penalizado cando establece análise comparativo con outro club, Agrupación deportiva APA " Eduardo Blanco Amor", que segundo parece atópanse fusionados na actualidade e que no exercicio de 2016 , era un club independente.*
Vista a alegación, a comisión volve revisar a baremación, documentación e puntuación outorgada ao solicitante, observándose o seguinte :

- A pretensión de comparar as convocatorias do 2016 e 2017 no relativo a asignación de contías, para dous clubs diferentes, resulta inapropiado porque pode obterse a mesma puntuación na baremación dos dous exercicios e conseguir unha subvención diferente, todo elo motivado polo incremento dos clubs do grupo correspondente e a minoración do valor punto/euro no seu grupo. Nas

convocatorias de concorrencia competitiva, como é o caso, un exercicio non pode ser comparable con outro.

- A decisión de fusionarse con outro club é lexítima e pode resultar deportivamente interesante para os intereses do club, pero ós efectos da convocatoria de subvencións é irrelevante. Se bareman datos que se aportan nos expedientes o que provoca globalmente un resultado en puntos que derivan nunha proposta de subvención. Outras conxecturas e circunstancias non deben ser valoradas pola comisión.

Polos motivos indicados, **a comisión reafírmase no seu criterio de outorgarlle a mesma puntuación e polo tanto a mesma contía á solicitude de ESCOLA DEPORTIVA OURENSE que figura na proposta provisional de resolución do concurso.**

**<u>Club Ximnasia Escola Pavillón</u>**

O club solicitante alega , en contra da proposta formulada pola comisión, que o seu club debera estar incluído dentro do grupo de categoría autonómica e non no grupo IV , provincial e base .

Vistas a alegacións, a comisión volve revisar a baremación e puntuación outorgada ao solicitante, observándose o seguinte :

- No Anexo IX que presentou no seu momento o club, cando reflicte a previsión de participación en competicións oficiais durante a temporada que nos ocupa, 2016-2017, de deportistas da entidade, resulta que , para un total de 58 participacións previstas, 44 son de ámbito provincial.
- O club reclamante invoca a lectura do anexo VIII, "gastos de desprazamento" para pretender xustificar o seu ámbito territorial, pero en realidade os datos reflectidos nese documento son unha mínima parte do seu movemento competitivo, non resultando relevante. Son meramente testimoniais.
- Por último, o carácter de "club de base" ven manifestado claramente cando se observa o certificado da Federación correspondente, anexo X, que certifica que de 192 licenzas, 172 son de categorías de base.

Polos motivos indicados, **a comisión reafírmase no seu criterio de encadrar o club reclamante, Club Ximnasia Escola Pavillón, no grupo IV, provincial e base que figuraba na proposta provisional de resolución do concurso.**

- **<u>Club Atletismo Guillelme Brown</u>**

O club solicitante non formula alegación ningunha. Soamente se limita a incorporar certificado da Federación de Atletismo no que sinala que conta con catro licencias.

A Comisión volve revisar a documentación, baremación e puntuación outorgada ao solicitante, observándose o seguinte :

- Este Club quedaba excluído da valoración o resultar **imposible a súa baremación** cos datos que aportaba no expediente.
- A pretensión agora de incorporar certificado de licenzas, que non se presentara no seu día, non resulta axeitado porque tal como establece as bases da convocatoria : *" Dada a natureza competitiva do procedemento de concesión das*

*subvencións, a documentación valorable non será obxecto do trámite de emenda de deficiencias, que só lle será de aplicación á documentación administrativa ".*

- Ademais, o certificado acredita catro (4) licenzas, cando as bases establecen claramente que nos deportes individuais o número mínimo de licenzas debe ser de cinco (5).

Polos motivos indicados, **a comisión reafírmase no seu criterio de non incluir na baremación a solicitude de Club Atletismo Guillelme Brown no xeito que figura na proposta provisional de resolución do concurso.**

**Club Hockey Barrocás:**

**1) Alegacións respecto da puntuación outorgada ao expediente presentado polo A.D. Ourense Hockey Club**:

**a)** Respecto da alegación indicando que o club non participa na modalidade de sala, entendemos que non afecta á puntuación outorgada ao número de licenzas do club (certificado pola federación) nin a estrutura do mesmo, xa que en ningún caso se valoran como equipos diferentes os da mesma categoría en diferente modalidade. Entendemos pois que **esta alegación debe ser desestimada**.

**b)** Respecto a alegación da non participación deste club na liga galega senior de hockey sala feminina, pola non celebración da mesma, esta comisión analizada a documentación do expediente deste club entende que non afecta ao grupo (autonómico) no que foi encadrado este, xa que outros equipos deste club si participan en ligas autonómicas. Entendemos pois que **esta alegación debe ser desestimada**.

**c)** Respecto da petición de que se revisen os ingresos e gastos deste club, a comisión, analizados os mesmos, entende que estos son similares aos de outros clubs desta disciplina, categoría e estrutura. En todo caso, este club é o que menos puntuación obtén no apartado de xestión económica da modalidade de hockey. En canto á xustificación dos gastos a que se alude, a mesma realizarase na fase de xustificación da subvención, á que esta comisión de valoración é allea. Entendemos pois que **esta alegación debe ser desestimada**.

**d)** Respecto da presunta inclusión de fichas (xogadoras) e equipos de clubs diferentes ao solicitante da subvención, en data 10.05.2017 remítese solicitude de certificado aclaratorio á Presidencia do referido club, en uso das facultades que a base novena 1.b da convocatoria, atribúe a esta comisión de valoración. Recibida a contestación, resulta que o club A.D. Ourense recoñece incluir no seu listado de equipos integrantes do club e de licenzas de xogadoras a clubs asociados, cuestión esta non prevista polas bases. **Polo tanto a comisión de valoración acorda rectificar a puntuación outorgada a este club nos apartados que se indican, consignando os datos que constan na web da Federación española de hockey, os cales se presumen válidos a estes efectos: número de licenzas club 42, número de licenzas femininas 42, puntuación 1,69 e 3,91 respectivamente. O resto dos datos consignados enténdense correctos, polo que a puntuación final diminúe en 6,28 puntos.**

**2) Alegacións respecto da puntuación outorgada ao expediente presentado polo Club Hockey Santiago Apóstol**:

**a)** Respecto da alegación referida á xestión económica da entidade, na que se solicita que se revisen os xustificantes de determinados gastos, esta comisión debe reiterar que a mesma

realizarase na fase de xustificación da subvención, á que esta comisión de valoración é allea. Entendemos pois que **esta alegación debe ser desestimada**.
**b)** Respecto da presunta inclusión de fichas (xogadores) e equipos de clubs diferentes ao solicitante da subvención, en data 10.05.2017 remítese solicitude de certificado aclaratorio á Presidencia do referido club en uso das facultades que a base novena 1.b da convocatoria, atribúe a esta comisión de valoración. Recibida a contestación, resulta que o club A.D. Ourense recoñece incluir no seu listado de equipos integrantes do club e de licenzas de xogadoras a clubs asociados, cuestión esta non prevista polas bases. **Polo tanto a comisión de valoración acorda rectificar a puntuación outorgada a este club nos apartados que se indican, consignando os datos que constan na web da Federación española de hockey, os cales se presumen válidos a estes efectos: número de licenzas clube 73, puntuación 2,93. O resto dos datos consignados enténdense correctos, polo que a puntuación final diminúe en 2,33 puntos.**

**3)-Asunto: Informe comisión de valoración ás alegacións do Club Hockey Barrocás *(NRE 12683 de data 27.04.2017).***
Procede **admitir a trámite as alegacións** presentadas, xa que as mesmas tiveron entrada dentro do prazo de audiencia provisto na proposta de resolución provisional do concurso público para a concesión de subvencións a clubs deportivos no ano 2017, todo elo tendo en conta a data na que ao interesado se lle facilitou o acceso á documentación do expediente.
En canto a estimación/non estimación das alegacións formuladas, procederemos a analizar cada unha das plantexadas.
**a)** Nesta primeira alegación entende que os 4,44 puntos outorgados por <u>rendemento deportivo</u> non son correctos. Neste apartado a este club consignáronselle dous "mantén postos e categorías". Neste sentido, e á vista do anexo VI, observamos que o equipo máis representativo do club, senior masculino, descendeu de categoría na tempada 13/14 e na 14/15, pasando en dúas tempada da División de Honra A á Primeira división nacional. O resto dos equipos, todos eles de base, mantéñense a un nivel clasificatorio similar nas tempadas consignadas no anexo. O equipo senior masculino, entendemos que na modalidade de sala, acadou o cuarto posto no campionato de España na tempada 15/16, non figurando datos desta participación noutras tempadas. **Analizados os datos anteriores no seu conxunto, a comisión de valoración ratifica a puntuación outorgada**.
**b)** Nos apartados relativos á <u>incidencia social e económica</u> o club non se atopa conforme coa puntuación outorgada, solicitando se revise a mesma. **Revisada a puntuación outorgada a comisión de valoración ratifícase na mesma.**
**c)** Nos apartados relativos á <u>estrutura do club</u> e revisada a mesma, número de equipos base, estrutura e cadro técnico a comisión acorda **manter a puntuación outorgada por entendela conforme cos criterios previstos nas bases reguladoras.**
